

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 8 de agosto de 2025

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día oito de agosto do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de *Rafael Domínguez Artime*, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Roberto José Álvarez Carrero*, *María Nava Castro Domínguez*, *Jorge Cubela López*, *Ricardo Martínez Chantada*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto *Gabriel Rodríguez Alonso*, Secretario Acctal, e está presente o Interventor, *Antonio Graña Gómez*.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente *Luis López Diéguez* e a deputada *Luisa María Sánchez Méndez*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35516.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025.

2.35517.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE NIGRÁN, POR REINVESTIMENTO DE BAIXA TEÓRICA, NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 (ANUALIDADE 2023), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRACIÓN DE ESCULTURA CAMIÑO DO VAL MIÑOR” (EXPTE. 2025040274)

- En data 19/05/2023, mediante acordo da xunta de goberno número 3.32645 concedeuse ao Concello de Nigrán, no marco do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, unha subvención por importe de 592.292,57 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PAVIMENTADO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” (expediente: 2023005802), cun orzamento polo mesmo importe.
- En data 20/09/2023, mediante decreto da Alcaldía núm. 2023002139, adxudícase o contrato da obra arriba referida no prezo de 515.353,76 euros (IVE engadido), o que supón unha baixa na adxudicación de 76.938,81 euros.



- En data 27/05/2025, consta entrada na sede electrónica da Deputación, con núm. rexistro WEB2025040857, de instancia xenérica que incorpora a petición do Concello de Nigrán na que solicita dispoñer da baixa teórica constatada coa adxudicación do investimento “PAVIMENTADO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL” (expediente: 2023005802) para a súa aplicación no financiamento do investimento “SUBMINISTRACIÓN DE ESCULTURA CAMIÑO DO VAL MIÑOR” (2025040274); actuación que se solicita ao abeiro do procedemento de reinvestimento de baixas teóricas e cuxo importe ascende a 74.162,00 euros.
- En data 16/06/2025, mediante resolución presidencial núm. 2025005006, deixase en dispoñible crédito por importe de 76.938,81 euros co obxecto do financiamento do novo investimento proposto pola entidade municipal.
- De acordo co disposto no informe do técnico municipal de data 9/06/2025, a escultura emprazárase nunha rotonda situada en solo urbano, punto estratéxico de entrada á vila e zona confluencia de tres estradas autonómicas (PO-325, PO-550, PO-340). A este respecto, a entidade municipal ten solicitado a correspondente autorización á administración titular dos terreos, tendo en conta que o investimento proposto corresponde a unha intervención de carácter desmontable que entra no marco das competencias propias do Concello de Nigrán.
- En datas posteriores o Concello emenda a documentación presentada inicialmente.
- A nova petición cumpre os requisitos que establecen as Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, anualidade 2023, para a Liña 1, contando con informe favorable do persoal facultativo técnico de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 de 29/11/2024.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 16ª do PLAN CONCELLOS 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 19ª das reguladoras do PLAN CONCELLOS 2022-2023, que permite a aplicación das baixas no financiamento de novos investimento sempre que o importe acumulado da baixa no exercicio correspondente e do proxecto sexa igual ou superior a 10.000,00 euros.
- Acordo do Pleno da Deputación núm. 2.8297 de 29/11/2024 que estende o prazo para solicitar subvencións por reinvestimento de baixas ata o 31/05/2025. Así mesmo, tamén se prorroga o prazo de execución dos investimentos ata o 30/09/2025 e o de xustificación da subvención ata o 31/10/2025

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/06/2025, e do xefe do servizo de Cooperación de data 23/07/2025, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Nigrán* (CIF P3603500D) a cantidade de 74.162,00 euros, por reinvestimento de baixa teórica, no marco de Plan Concellos 2022-2023 (anualidade 2023), con destino ao financiamento do investimento “SUBMINISTRACIÓN DE ESCULTURA CAMIÑO DO VAL MIÑOR” (expediente: 2025040274), en base a un orzamento polo mesmo importe.
- A presente concesión queda condicionada a obtención das autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e da entidade pública de AXI, sendo imprescindible que o *Concello* as remitirá á Deputación coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.9425.762.45.2023 do orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facerlle fronte ó gasto.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, de conformidade co recollido no acordo de Pleno da Deputación núm. 2.8297 de data 29/11/2024 que modifica a Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2023, deberá estar executado a 30/09/2025 e xustificado na súa totalidade o 31/10/2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *concello de Nigrán*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia

3.35518.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA PISCINA MUNICIPAL DE TEIS” (EXPTE.2025050424)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, expediente relativo á “*Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra “Mellora da piscina municipal de Teis” (Exppte.2025050424)*”

4.35519.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO “DÚAS PISTAS DE PÁDEL NA ÁREA DEPORTIVA DA CAÍÑA, SANTIAGO DE TORTOREOS”, INCLuíDO NO PLAN + PROVINCIA 2024- LIÑA 1- INVESTIMENTOS- CONCELLO DE AS NEVES (EXPTE.2024019836)

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 4.33762 concedéuselle, ao *Concello das Neves*, ao abeiro do Plan + Provincia 2024, unha subvención por importe de 85.000,00 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Dúas pistas de padel na área deportiva da Caiña, Santiago de Tortoreos*” (2024019836), en base a un orzamento que ascendía ao mesmo importe (80.081,02 de execución de obra e 4.918,98 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto).
- A concesión da subvención ficou condicionada ao outorgamento da autorización sectorial do Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como á presentación da resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (Anexo III).
- En data 14/07/2025 consta entrada na sede electrónica da Deputación, WEB2025052171, instancia xenérica do Concello das Neves na que aporta o proxecto técnico reformulado do investimento arriba subliñado e solicita a súa tramitación.
- O proxecto reformulado do investimento “*Dúas pistas de padel na área deportiva da Caiña, Santiago de Tortoreos*” (2024019836), que reaxusta o emprazamento das pistas para facelas compatibles con outras actuacións que se van a desenvolver no entorno, non varía a tipoloxía inicialmente aprobada nin supón alteración orzamentaria con respecto do proxecto inicial polo que o importe da subvención non varía.
- O proxecto reformulado conta co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación de data 17/07/2025.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2024
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

PROCEDENCIA DA REFORMULACIÓN

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2024, que regula as modificacións do contido das resolucións ou acordos de concesión sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sempre que a solicitude se presente antes da licitación do investimento, se axuste algunha das circunstancias contempladas na devandita base e non prexudique dereitos de terceiros.



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/07/2025, e do Xefe do servizo de Cooperación de data 28/07/2025 que conclúen favorablemente a autorización do proxecto reformulado e do informe da Intervención provincial, de data 29/07/2025, a Xunta De Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto reformulado do investimento “*Dúas pistas de pádel na área deportiva da Caiña, Santiago de Tortoreos*” (2024019836), incluído no Plan + Provincia 2024-Liña 1-Investmentos. O proxecto reformulado, que reaxusta o emprazamento das pistas para fácelas compatibles con outras actuacións que se van a desenvolver no entorno, non supón alteración do orzamento orixinal nin da subvención concedida.
- Convén lembrar que, conforme a base 34ª reguladora do Plan + Provincia 2024, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2025 e xustificado o 31/03/2026. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello das Neves , á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.35520.- AUTORIZACIÓN DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO “REFORMA DA RÚA RAIMUNDO GARCÍA DOMÍNGUEZ “BOROBÓ”” INCLUÍDO NO PLAN + PROVINCIA 2025-LIÑA 1- INVESTIMENTOS- CONCELLO DE PONTECESURES (EXPTE.2025018793)

ANTECEDENTES:

- Mediante acordo da Xunta de Goberno núm. 16.35069, de 11/04/2025, concedéuselle ao *Concello de Pontecesures*, ao abeiro do Plan + Provincia 2025, unha subvención por importe de 225.452,69 euros co obxecto do financiamento do investimento “*Reforma da rúa Raimundo García Domínguez “Borobó”*” (2025018793), cuxo orzamento para coñecemento da administración ascendía ao mesmo importe (217.931,56 euros de execución de obra e 7.521,56 de asistencia técnica á redacción do proxecto).
- Resultando que dita concesión quedou condicionada á achega da autorizacións sectoriais da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural), da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), así como a aportación do decreto (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico.
- En data 21/06/2025, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite unha resolución positiva pero condicionada a introducir unha serie de cambios no proxecto elaborado ao tratarse dunha actuación que incide directamente sobre o Camiño de Santiago.
- En data 24/07/2025, mediante rexistro WEB2025054634, ten entrada na sede electrónica da Deputación, o proxecto reformulado do investimento “*Reforma da rúa Raimundo García Domínguez “Borobó”*” (2025018793) cos cambios requiridos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e solicita da Deputación a súa aprobación.
- O proxecto reformulado do investimento arriba subliñado non varía a tipoloxía inicialmente aprobada nin modifica o trazado da obra, non supón alteración orzamentaria con respecto do proxecto inicial e non da lugar a variacións no importe da subvención concedida, contando con informe favorable dos facultativos técnicos da Deputación de data 28/07/2025.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 15ª do Plan + Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA REFORMULACIÓN

- Base 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2025, que dispón con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión e antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre que non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar unha modificación do acordo ou da resolución de concesión pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, sendo un dos motivos que dan lugar á reformulación a necesidade de cumprir coas cautelas ou cos requirimentos impostos nas autorizacións sectoriais outorgadas despois da concesión da subvención e antes da licitación do investimento.
Se a reformulación do proxecto técnico, sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha variación orzamentaria con respecto ao proxecto inicial, o órgano competente da Deputación aprobará o proxecto reformulado sen modificar o contido económico da resolución ou do acordo de concesión.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 28/07/2025, e do Xefe do servizo de Cooperación Municipal, de data 29/07/2025, que conclúen favorablemente a tramitación do proxecto reformulado, e do informe da Intervención provincial, de data 30/07/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o proxecto reformulado do investimento “*Reforma da Rúa Raimundo García Domínguez “Borobó”*” (2025018793), incluído no Plan + Provincia 2025-Liña 1-investmentos. O proxecto reformulado, que introduce os cambios requiridos na autorización sectorial outorgada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, non altera a tipoloxía inicialmente aprobada, non supón unha variación do orzamento nin da subvención concedida.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Pontecesures*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.35521.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE E DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DO STAND QUE REPRESENTARÁ AOS CASTELOS DE SOBROSO E SOUTOMAIOR EN FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA DURANTE O ANO 2025 (EXPTE.2025018065)

Resultando.- Que as actividades do servizo de turismo e esta en concreto, baséase na competencia da Deputación de Pontevedra relativa á cooperación e no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial tal e como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, en tanto que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra.

Resultando.- Que o Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra, Turismo Rías Baixas, ten como fin, promover e potenciar todas as actividades que dalgunha maneira tendan ao fomento e desenvolvemento do turismo na Provincia de Pontevedra, así como mellorar a imaxe turística da mesma, a través de diferentes accións e xestións.

O plan estratéxico de marketing dos Castelos de Sobroso e Soutomaior ten a finalidade de recoller de forma sinxela un novo plan de comunicación de catro anos de duración. O obxectivo é intervir nuns bens culturais e as súas contornas naturais, ofrecendo un enfoque sostible, sen perder de vista a súa importancia cultural. Deste xeito dende Turismo Rías Baixas preténdese que ambos castelos se convertan , no seu conxunto, nun referente no ámbito do patrimonio cultural e medioambiental na Provincia de Pontevedra, e así poidan desfrutalo tanto o público local como o de fora.



No plan de marketing recóllense diferente actuacións ao longo de catro anos, entre as que se atopan a promoción en festas de interese turístico que se celebran na provincia de Pontevedra, as cales son un importante reclamo á hora de mostrar os castelos, debido ao importante número de persoas que asisten a este tipo de eventos. Ademais de fomentar o turismo interno, xa que non podemos esquecernos que un dos principais mercados emisores de turismo cara ao noso destino, é o galego.

Dentro do Plan Estratéxico Rías Baixas Turismo 6, o eixo 2 que fai referencia á oferta diversificada e identitaria concretamente no Castelo de Soutomaior recolle as medidas operativas, o artellamento dunha programación anual de actividades, concretamente a realización de eventos que contribúan a desestacionalizar a actividade.

Resultando.- Que o servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato como son o deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand, xa que se tratan de traballos que con levan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir ao non contar cos medios necesarios e onde interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Ademais, tampouco resulta conveniente nin necesario, por parte de esta institución, dispoñer dos mesmos dado o carácter de especialización e a intermitencia na necesidades dos mesmos.

Por tanto, o beneficio de acudir a unha contratación externa responde ao carácter de especialización dos propios traballos e a non necesidade de dispoñer tanto dos medios técnicos como humanos por razóns de eficiencia na asignación e utilización dos fondos públicos.

Resultando.- Que en base ao exposto, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, co visto e praxe da deputada delegada propón, mediante providencia de data 03 de abril de 2025, a incoación dos trámites administrativos oportunos para a contratación do *“servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025”*. Xunto coa proposta, o servizo achega prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que visto que a Intervención, con data 15 de abril de 2025, emite os seguintes documentos RC, polos importes e con cargo ás aplicación orzamentarias relacionados a continuación:

NÚMERO DE OPERACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
12025000067630	25/433.3360.227.99 ou na súa vinculación xurídica	16.594,89 €
12025000067631	25/433.3363.227.99 ou na súa vinculación xurídica	16.594,90 €

Resultando.-Que visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Resultando.-Que visto que, con data 23 de xuño de 2025, polo servizo xestor emítese informe complementario polo que se corrixen algúns dos aspectos recollidos na providencia de inicio (CSV: JMSNW2YGLIAUOLBD).

Resultando.-Que tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24 de xuño de 2025 e CSV: ONCK83X5HK2PW2J6, coas observacións e recomendacións nel contidas.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que visto que, con data 29 de xullo de 2025, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos do Anexo IV. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159.1 LCSP.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 30 de xullo de 2025 (CSV: 9ORFHN6U6A96ATUO), coas seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.”

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que a tenor do disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16^a.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios do stand que representará aos castelos de Sobroso e Soutomaior en festas de interese turístico da provincia de Pontevedra durante o ano 2025*”, pola cantidade máxima de 32.191,26 € (21% de IVE engadido), conforme ao seguinte detalle:

Importe total, sen IVE	IVE (21%)	Importe total, IVE engadido
26.604,35€	5.586,91 €	32.191,26 €

A determinación do prezo desta contratación realízase mediante prezos unitarios por festa/feira, considerando unha asistencia de 1 día por feira/festa e desagregándose como segue:

PREZO UNITARIO FEIRAS E FESTAS			
Concepto	Prezo unitario de licitación, sen IVE	IVE (21%)	Prezo unitario de licitación, co IVE
STAND	2.956,04 €	620,76 €	3.576,80 €

O valor estimado do contrato é de 106.417,40 €.

O prazo de duración do contrato será de 12 meses, a contar desde a data de formalización do contrato. No prazo máximo de 5 días a contar dende a sinatura, o servizo de Turismo Rías Baixas concretará o plan de festas. As datas de realización dalgunhas festas poderían sufrir alteracións, que serán comunicadas ao adxudicatario en canto se teña coñecemento das mesmas.

Prevese a posibilidade de 3 prórrogas dunha anualidade de duración cada unha. No caso de aprobarse, a relación de festas ás que asistir no ano de referencia facilitarase á empresa adxudicataria ao inicio de cada prórroga, nos primeiros 15 días da mesma.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 9LNBK5D463OT39Y7) e de prescricións técnicas (CSV: S7I1CLMNTSKYH8Q0) que rexeran neste procedemento aberto simplificado.



3.-Autorizar o gasto por importe máximo de 32.191,26 €, IVE engadido, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
2025	25/433.3360.227.99 ou na súa vinculación xurídica	16.095,63 €
2025	25/433.3363.227.99 ou na súa vinculación xurídica	16.095,63€

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo Rías Baixas ou persoa en quen delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

7.35522.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P.1002 A MAGDALENA-ALDÁN, DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)” (EXPTE.2024057093)

Resultando.- Que a Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

Resultando.-Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 1002 Magdalena- Aldán, que transcorre polo Concello de Cangas.



Resultando.- Que se trata dunha estrada de lonxitude total de 4,723 km que mantén en toda a súa lonxitude dobre sentido de circulación cun carril por cada sentido. Ao longo da mesma atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beiravías de escasa entidade, sen unha liña de peches definida e uniforme, e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa a execución destas obras, redactouse por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.

Resultando.- Que o proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Cangas, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil na estrada provincial EP-1002, entre os P.Q. 0+000 e 1+850.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 9 de agosto de 2024 aprobou o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850*”. Con data 19 de agosto de 2024 formalizouse o devandito convenio coa sinatura das partes intervincentes.

Resultando.- Que recolle o citado convenio que as obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cangas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Órgano	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.067.260,84 €	80
Concello de Cangas	266.815,21 €	20
TOTAL OBRAS	1.334.076,05 €	100

Resultando.- Que tamén recolle o convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, xuntando o proxecto anteriormente referido.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 04/04/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*”, redactado por D. Óscar Catoria Daquinta, técnico adscrito á empresa NOVOTEC, cun orzamento base de licitación de 1.334.076,05 €. A este proxecto asignóuselle o CSV: XL5Q0Y6P8R6RWJ48.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de maio de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 29 de maio de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo para presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa sesión celebrada o día 19/06/2025 procedeu á apertura electrónica electrónica dos sobres "A", correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado. Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Aja Chao, con data 8 de xullo de 2025, emitiu informe que consta no expediente con CSV: MCCQPK4BB6HIVLUC, relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	12,00	2,00	14,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	20,00	3,00	23,00



CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	14,00	3,00	17,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	14,00	2,00	16,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	14,00	2,00	16,00
NAROM, S.L.	16,00	3,00	19,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 10/07/2025 acordou en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 8 de xullo de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

Resultando.- Que na mesma reunión, a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	1.002.100,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	1.020.182,29 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	1.102.542,19 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	1.015.220,85 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	1.014.890,09 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
NAROM, S.L.	1.035.948,64 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

Resultando.- Que a continuación e de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	30,31	5,00	5,00	5,00	45,31
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	25,17	5,00	5,00	5,00	40,17
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	0,00	5,00	5,00	5,00	15,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	26,58	5,00	5,00	5,00	41,58
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	26,67	5,00	5,00	5,00	41,67
NAROM, S.L.	20,59	5,00	5,00	5,00	35,59

Resultando.- Que vistas as puntuacións acadadas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 10/07/2025 acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)” que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	23,00	40,17	63,17
2	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	14,00	45,31	59,31
3	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.A.	16,00	41,67	57,67
4	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	16,00	41,58	57,58
5	NAROM, S.L.	19,00	35,59	54,59
6	CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	17,00	15,00	32,00

Resultando.- Que de conformidade coa clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)” á empresa CONSTRUCCIONONES FECHI, S.L.U., (CIF B-36258861), por un importe de 1.234.420,57 € IVE incluído.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa CONSTRUCCIONONES FECHI, S.L.U., (CIF B-36258861) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm 3867) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 51.009,11 € segundo queda acreditado mediante carta de pago de data 28/07/20025 con número de operación 12025000145392.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Ilmo. Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa *Construccionones Fechi, S.L.U.*, (CIF B-36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na E.P.1002 A Magdalena-Aldán, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)*” por un importe de 1.234.420,57 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	1.020.182,29 €
IVE (21%)	214.238,28 €
Importe Total.....	1.234.420,57 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de DEZ (10) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/456.4530.612.02.2023 e 25/456.4530.612.02.2024 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024057093.



2. Nomear director de obra ó enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Paredes Rodríguez.

8.35523.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDIO DE CARACTERIZACIÓN E MODELIZACIÓN DAS TAXAS DE RESIDUOS COMERCIAIS NOS CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (EXPTE.2025004125)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 11/04/2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudio de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación que foi enviado para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 11 de abril de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) e no DOUE (Anuncio número 240732-2025) en data 14/04/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 15/05/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. (C.I.F. B-85097962).
- INGENIERÍA INSITU, S.L.U. (C.I.F. B-27715309).
- NOVOTEC CONSULTORES, S.A. (C.I.F.- A-78068202).
- UTE TAXA COMERCIAL PONTEVEDRA

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Asistencia intermunicipal para a súa valoración.

Recibido informe emitido pola Xefa de Sección de residuos María Martínez Abraldes con CSV: 0BG6FXCC6HOMMAWL., a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 03/07/2025, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.



Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos criterios avaliados automaticamente de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico administrativas sendo as puntuacións obtidas as que constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de contratación con CSV WVJXFV52HHSXH69X sendo as seguintes:

Empresas	Puntuación sobre B	Puntuación prezo	Puntuación tamaño mostra	Puntuación sobre C	Puntuación total (B + C)
Eptisa Servicios de Ingenieria SL	33,500	39,522	10,000	49,522	83,022
Ingenieria Insitu SL	23,000	34,339	10,000	44,339	67,339
Novotec Consultores SA	29,500	17,220	10,000	27,220	56,720
UTE Taxa Comercial	24,000	31,126	10,000	41,126	65,126

A Mesa de Contratación na sesión do día 10/07/2025 procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Eptisa Servicios de Ingenieria SL(C.I.F. B-85097962)., polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Mediante Resolución Presidencial número 2025005963, de 14/07/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Eptisa Servicios de Ingenieria SL(C.I.F. B-85097962), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Eptisa Servicios de Ingenieria SL(C.I.F. B-85097962) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2025055212), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 14.950,00 € (carta de pago núm. operación 12025000146155, do 29/07/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de asistencia técnica para a realización dun estudo de caracterización e modelización das taxas de residuos comerciais nos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia de Pontevedra á empresa *Eptisa Servicios de Ingeniería S.L.* (C.I.F. B-85097962) polos seguintes prezos e valores ofertados:

-Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	299.000,00 €
IVE (21 %):	62.790,00 €
Importe total ofertado:	361.790,00 €

-Tamaño da mostra: Nº visitas efectivas ofertadas: 3.500

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	923.1623.227.06	361.790,00 €

Forma de pagamento: parcial

Fitos de facturación:

O pago realizarase contra a presentación da correspondente factura tras a supervisión e validación pola persoa responsable do contrato de acordo cos seguintes fitos de facturación:

- O 30% do importe de adxudicación do contrato unha vez presentados e validados polo persoal técnico de residuos da Deputación de Pontevedra os entregables asociados á Fase I.
- O 30% do importe de adxudicación do contrato unha vez presentados e validados polo persoal técnico de residuos da Deputación de Pontevedra os entregables asociados á Fase II.

E o 40% restante do importe de adxudicación do contrato unha vez presentados e validados polo persoal técnico de residuos da Deputación de Pontevedra os entregables asociados ás Fases III, IV e V.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2025004125	
Órgano xestor:	LA0006129	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: A xefa de sección de residuos María Martínez Abrales.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

9.35524.-

ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO CORRECTIVO E SOPORTE ESPECIALIZADO DA SOLUCIÓN TECNOLÓXICA PARA A CATALOGACIÓN, XESTIÓN E DIFUSIÓN DA QUE DISPÓN A DEPUTACIÓN, PARA A EXPLOTACIÓN DO PATRIMONIO ARQUIVÍSTICO E BIBLIOGRÁFICO. (EXPTE.2025006084)

Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 9 de maio de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do Servizo de mantemento correctivo e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación para a explotación do patrimonio arquivístico e bibliográfico. (expte. 2025006084).



O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE 15/06/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16/05/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19/06/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas: Xercode Media Software, S.L. (B-70220124).

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de novas tecnoloxías para a súa valoración.

Recibido informe do xefe de servizo de novas tecnoloxías de data 25/06/2025 (CSV: R15B64KZ0LQRLJ1I) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10/07/2025 presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, da empresa que resulta admitida.

Os valores ofertados pola empresa Xercode Media Software S.L., figuran no certificado da Mesa co csv 69MTN71ZU7DALJYG.

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a puntuación que obtén a empresa no sobre C é de: 19,9

A puntuación total do sobre B máis o sobre C é de: 35,9.

A Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/07/2025, procedeu á clasificar a única oferta admitida e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Xercode Media Software S.L polos prezos e valores ofertados.

A continuación o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de contratistas das comunidade autónoma de Galicia núm 3722. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025006201 de data 22/07/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require a Xercode Media Software S.L que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.



A empresa Xencode Media Software S.L. presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra Rexistro entrada REX WEB 2025055155 de data 29/07/2025, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 5.400,00€ € (carta de pago núm. operación 12025000146117).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato mediante procedemento aberto do servizo de mantemento e soporte especializado da solución tecnolóxica para a catalogación, xestión e difusión da que dispón a Deputación de Pontevedra para a explotación do patrimonio arquivístico bibliográfico, á empresa Xencode Media Software, S.L. (B-70220124), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Importe sen o IVE:	108.000,00€
IVE (21 %):	22.680,00€
Importe total ofertado:	130.680,00€

- Ampliación dos acordos de nivel de servizo:

TEMPOS DE RESOLUCIÓN SEGÚN CRITICIDADE DA INCIDENCIA						
CRITICIDADE	TEMPO DE RESOLUCIÓN MÁXIMO	2 Horas	4 Horas	8 Horas	12 Horas	24 Horas
CRÍTICA	4 HORAS	x			-	-
ALTA	8 HORAS	x			-	-
MEDIA	24 HORAS	x				



O prazo de duración do contrato é de dous anos a contar desde a data de formalización do contrato.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025 (4 meses)	25/926.9260.227.23	21.780,00€
2026 (1 ano)	26/926.9260.227.23	65.340,00€
2027 (8 meses)	27/926.9260.227.23	43.560,00€
Total		130.680,00€

Os importes correspondentes ás anualidade 2026 e 2027 quedan condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Os importes da financiación poderán sufrir variacións en función da data de adxudicación.

Forma de pagamento: parcial, por bimestre vencido , previa presentación da factura por parte da empresa adxudicataria.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FAcE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de expte.:	2025006084	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: O xefe do servizo de Novas tecnoloxías.



A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levántase a suspensión.

10.35525.- ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E SAÚDE NAS OBRAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2024071898).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 14 de febreiro de 2025, aprobou o expediente para a conclusión, mediante procedemento aberto, do *“Acordo Marco que regule a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”*.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea, con data 18 de febreiro de 2025, resultando publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 19 de febreiro de 2025. Na mesma data, publícanse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 27 de marzo de 2025, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas nos lotes:

- AGORA INGENIERÍA SERVICIOS Y PREVENCIÓN, S.L. (CIF: B85596914): Lotes 1,2,3 e 4
 - AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314): Lotes 1,2,3 e 4
 - ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905): Lotes 1,2,3 e 4
 - CONTROL Y GEOLOGÍA, S.A.- CYGSA (CIF: A28494359): Lotes 1 e 2
 - INCOPE CONSULTORES, S.L. (CIF: B83665513): Lotes 1,2,3 e 4
 - INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. (CIF: B85872422): Lotes 1,2,3 e 4
 - INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L. (CIF: B81470841): Lotes 1,2,3 e 4
 - NORMANSYS, S.L. (CIF: B70041066): Lotes 1,2,3 e 4
 - TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (CIF: B84840685): Lotes 1,2 e 3
 - TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A. (CIF: A28171288): Lotes 1,2,3 e 4
- Non admitidas: INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L. (CIF: B87629200) por presentar a súa oferta fóra de prazo (Entrada o 21-03-2025 ás 10:41).



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (Lotes nº 1, 2 e 3) e Arquitectura (Lote nº 4).

Resultando.- Que recibidos informes do servizo de Arquitectura, de data 03 de xuño de 2025 (CSV: HRZEWSS5KQ5U87C9) e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, de data 26 de xuño de 2025 (CSVs: 0RQYBPZQ9LOPM17D, 080M7O9V2LB16LHY e 0ULYT7OSPOVO8X3U), e a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 03 de xullo de 2025, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Os valores ofertados pola empresas que acadan a puntuación mínima figuran no certificado da Mesa de contratación, de data 07 de xullo de 2025, co CSV IP5M7280K1QJZFZF.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10 de xullo de 2025, acordou propor ao órgano de contratación a non admisión das seguintes empresas polos motivos que a continuación se expoñen:

Empresas licitadoras	Lotes	Motivos de non admisión
Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, S.L.	1,2,3 e 4	Presentación da oferta fóra de prazo

Igualmente, a Mesa de Contratación acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas polos motivos que a continuación se expoñen:

Empresas licitadoras	Lotes	Motivos de exclusión
Ágora Ingeniería Servicios y Prevención, S.L. e Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.	1,2,3 e 4	Incumplimento do establecido nas cláusulas 7.d) e 9.1 do PCAP
Ingeniería de Gestión y Seguridad, S.L. e Ingeniería y Prevención de Riesgos, S.L.	1,2,3 e 4	Non acadar a puntuación mínima esixida no sobre B para continuar no procedemento (19,500 puntos)

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos nos pregos, a empresa licitadora ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. obtivo igual puntuación no lote nº 1, lote nº 2 e no lote nº 3, e igual puntuación nos criterios avaliables mediante fórmulas polo que, en aplicación dos *criterios para adjudicar os lotes* sinalados na cláusula particular nº1 do PCAP, debía procederse a súa adjudicación mediante sorteo (art. 87.2 do RDL 1098/2001).



Na mesma sesión, para poder efectuar o órgano de contratación unha proposta de adxudicación seguindo o indicado nos pregos, procedeu a levarse a cabo pola Mesa de Contratación o sorteo do lote que lle correspondería adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A., resultando proposta como adxudicataria do Lote nº 2, correspondente á Zona Centro.

Unha vez obtido o resultado do sorteo, resultaron propostas como adxudicatarias dos restantes lotes, en aplicación dos *criterios para adxudicar os lotes* sinalados na cláusula particular nº1 do PCAP, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. por ser a seguinte na clasificación con maior puntuación; e AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L., por acadar a seguinte maior puntuación na clasificación unha vez descartadas as empresas que xa resultaron adxudicatarias doutro lote.

A continuación, a Mesa de Contratación acordou clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor das empresas seguintes, polos prezos e valores ofertados:

- Lote nº 1. Zona Norte: TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (NIF: B84840685).
- Lote nº 2. Zona Centro: Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (NIF: A82876905).
- Lote nº 3. Zona Sur: Aquatica Ingenieria Civil, S.L. (NIF: B36962314).
- Lote nº 4. Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións: Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (NIF: A82876905)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025006116, de data 18 de xullo de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require as empresas arriba sinaladas que presentan a mellor oferta nos lotes correspondentes, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (NIF: B84840685) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4692, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, solvencia económica e financeira, subscripción de póliza de responsabilidade civil e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, consta que se atopa ao corrente de pagos coa Seguridade Social, coa AEAT e dada de alta no IAE.



Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (NIF: A82876905) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, que se atopa debidamente constituída, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, mediante o servizo de intermediación de datos da Deputación de Pontevedra constatase que se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social e coa AEAT.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (NIF: B36962314) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4106, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar. Asemade, consta que se atopa ao corrente de pagos coa Seguridade Social e coa a AEAT.

Resultando.- Que a empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (B36962314) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2025054921, de data 28 de xullo de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia, así como da efectiva disposición dun seguro de responsabilidade civil.

Resultando.- Que a empresa Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (NIF: A82876905) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada REX_WEB2025054956, de data 28 de xullo de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia, así como da efectiva disposición dun seguro de responsabilidade civil.

Considerando.- Que tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:



1.- Non admitir á empresa Ingeniería, Estudios y Proyectos Europeos, S.L. (CIF: B87629200) nos lotes 1, 2,3 e 4 por presentar a oferta fóra de prazo.

2.-Excluír ás empresas Ágora Ingeniería Servicios y Prevención, S.L. (CIF: B85596914), Ingeniería y Prevención de Riesgos, SL (CIF: B81470841), ambas nos lotes 1, 2, 3 e 4, polo incumprimento do establecido nas cláusulas 7.d) e 9.1 do PCAP; e Ingeniería de Gestión y Seguridad, S.L. (CIF: B85872422) e Ingeniería y Prevención de Riesgos, SL (CIF: B81470841), ambas nos lotes 1, 2, 3 e 4, por non acadar a puntuación mínima esixida no sobre B para continuar no procedemento (19,500 puntos).

3.- Adxudicar, mediante procedemento aberto, o Acordo Marco para regular a prestación do servizo de “seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, ás empresas TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (NIF: B84840685), Atenea Seguridad y Medio Ambiente, S.A. (NIF: A82876905) e Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (NIF: B36962314) nos lotes correspondentes, polo prezos ofertados e conforme ás seguintes condicións:

- Lote nº1.- Zona Norte: TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (NIF: B84840685)

a) Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE	42.899,00 €
IVE (21%)	9.008,79 €
Prezo ofertado, co IVE	51.907,79 €

Os prezos unitarios, establecidos en virtude do tipo de servizo a prestar e do PEM do proxecto de obra, unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa, son os seguintes:

		Prezo unitario, sen IVE
INFORME INICIAL DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OU DE AVALIACIÓN DE RISCOS	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM < 400.000 €)	200,88 €
	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM > 400.000 €)	391,33 €



COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	Importe mensual para proxectos con PEM < 200.000,00€	443,70 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 200.000,00€ < PEM < 400.000,00€	493,73 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 400.000,00€ < PEM < 600.000,00€	650,76 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 600.000,00€ < PEM < 1.000.000,00€	697,01 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: > 1.000.000,00€	774,37 €

- b) Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida:

Coordinador/a de Seguridade e Saúde (ata 5 anos adicionais)	Coordinador 1	5 anos
	Coordinador 2	5 anos
	Coordinador 3	4,6 anos
Delegado/a (ata 3 anos adicionais)		3 anos

- o Lote nº2.- Zona Centro: ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905)

- a) Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE	73.915,00 €
IVE (21%)	15.522,15€
Prezo ofertado, co IVE	89.437,15 €

Os prezos unitarios, establecidos en virtude do tipo de servizo a prestar e do PEM do proxecto de obra, unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa, son os seguintes:

		Prezo unitario, sen IVE
INFORME INICIAL DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OU DE	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM < 400.000 €)	173,05 €



AVALIACIÓN DE RISCOS	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM > 400.000 €)	337,13 €
COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	Importe mensual para proxectos con PEM < 200.000,00€	382,25 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 200.000,00€ < PEM < 400.000,00€	425,34 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 400.000,00€ < PEM < 600.000,00€	560,63 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 600.000,00€ < PEM < 1.000.000,00€	600,47 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: > 1.000.000,00€	667,12 €

- b) Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida:

Coordinador/a de Seguridade e Saúde (ata 5 anos adicionais)	Coordinador 1	5 anos
	Coordinador 2	5 anos
	Coordinador 3	5 anos
Delegado/a (ata 3 anos adicionais)		3 anos

- o Lote nº 3.- Zona Sur: AQUATICA INGENIERIA CIVIL, S.L. (CIF: B36962314)
a) Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE	68.013,00 €
IVE (21%)	14.282,73 €
Prezo ofertado, co IVE	82.295,73 €



Os prezos unitarios, establecidos en virtude do tipo de servizo a prestar e do PEM do proxecto de obra, unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa, son os seguintes:

		Prezo unitario, sen IVE
INFORME INICIAL DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OU DE AVALIACIÓN DE RISCOS	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM < 400.000 €)	194,62 €
	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM > 400.000 €)	379,15 €
COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	Importe mensual para proxectos con PEM < 200.000,00€	429,89 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 200.000,00€ < PEM < 400.000,00€	478,36 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 400.000,00€ < PEM < 600.000,00€	630,50 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 600.000,00€ < PEM < 1.000.000,00€	675,32 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: > 1.000.000,00€	750,27 €

- b) Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida:

Coordinador/a de Seguridade e Saúde (ata 5 anos adicionais)	Coordinador 1	18 anos
	Coordinador 2	18 anos
	Coordinador 3	16 anos
Delegado/a (ata 3 anos adicionais)		3 anos



- Lote nº 4.- Actuacións en edificacións, construcións ou instalacións: ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (CIF: A82876905)

a) Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE	54.189,00€
IVE (21%)	11.379,69€
Prezo ofertado, co IVE	65.568,69€

Os prezos unitarios, establecidos en virtude do tipo de servizo a prestar e do PEM do proxecto de obra, unha vez aplicada a baixa ofertada pola empresa, son os seguintes:

		Prezo unitario, sen IVE
INFORME INICIAL DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE OU DE AVALIACIÓN DE RISCOS	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM < 400.000 €)	168,68 €
	Ud de informe do Plan de Seguridade e Saúde ou Avaliación de Riscos (Proxectos de obra cun PEM > 400.000 €)	328,60 €
COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE	Importe mensual para proxectos con PEM < 200.000,00€	372,57 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 200.000,00€ < PEM < 400.000,00€	414,58 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 400.000,00€ < PEM < 600.000,00€	546,44 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: 600.000,00€ < PEM < 1.000.000,00€	585,28 €
	Importe mensual para proxectos con PEM: > 1.000.000,00€	650,24 €



- b) Compromiso de posta a disposición de medios humanos con experiencia laboral adicional á requirida:

Coordinador/a de Seguridade e Saúde (ata 5 anos adicionais)	Coordinador 1	5 anos
	Coordinador 2	5 anos
	Coordinador 3	5 anos
Delegado/a (ata 3 anos adicionais)		3 anos

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse pola Deputación de Pontevedra, conforme ao seguinte:

Os contratos baseados que se adxudiquen financiarase con cargo á aplicación orzamentaria que corresponda, dentro do proxecto de gasto da respectiva obra.
A adxudicación quedará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento provincial para financiar as obrigas derivadas do contrato baseado no exercicio correspondente, así como, para as correspondentes anualidades e prórrogas.

Forma de pagamento: PARCIAL

O pago dos contratos baseados que se adxudiquen no marco do presente acordo realizarase do seguinte xeito:

- a) Informe inicial do plan de seguridade e saúde ou de avaliación de riscos:

O pago á empresa adxudicataria efectuarase contra a presentación da correspondente factura unha vez realizado o mesmo, previa conformidade pola persoa responsable do contrato da obra/servizo obxecto da coordinación de seguridade e saúde.

- b) Coordinación de seguridade e saúde durante a execución das obras:

O pago á empresa adxudicataria efectuarase contra a presentación Da correspondente factura unha vez rematada o obra correspondente.

No caso de que o PEM correspondente aos proxectos de obra aprobados inicialmente, sen considerar excesos nin modificacións sexa superior a 400.000,00€, a facturación poderá facerse de xeito mensual.

O importe mensual de coordinación de seguridade e saúde prorratarase en días no caso de que a execución da obra non se realice durante a totalidade dos días do mes. No caso de que a obra se suspenda ou resolva, a empresa adxudicataria facturará a parte proporcional ata o momento da execución.

Os traballos aboaranse segundo os prezos unitarios que figuran no Anexo II do PPT, aplicables en función do PEM e da duración da obra, unha vez aplicada a porcentaxe de baixada ofertada polo adxudicatario, aos cales se lles engadirá o IVE. As facturas deberán ser conformadas pola persoa responsable do contrato da obra/servizo obxecto da coordinación de seguridade e saúde.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

- Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais:

Administración:	L02000036 (CIF: P36000000H)		Núm. de expte.:	2024071898	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

- Servizo de Arquitectura:

Administración:	L02000036 (CIF: P36000000H)		Núm. de expte.:	2024071898	
Órgano xestor:	LA0006124	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:

- Lotes 1, 2 e 3: xefe dos Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais ou persoa na que delegue.
- Lote 4: xefa do Servizo de Arquitectura ou persoa en quen delegue. No caso das obras incoadas polo servizo de Cooperación cos Municipios, será o enxeñeiro xefe adscrito ao mesmo ou persoa en quen delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

11.35526.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE.2025005418)

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025*”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 14 de febreiro de 2025, punto núm. 20.33769, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello de Tomiño, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	3 peóns de xardinería, 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª, 1 técnico/a administrativo/a en xeral, 1 traballador/a social a xornada completa durante 9 meses; 2 peóns da construción e 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 8 peóns de xardinería e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	282.208,56 €	275.531,31 €	15.937,54 €	266.271,02 €



- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025053668, do 21/07/2025, solicita reformular a solicitude inicial tras o retraso nas contratacións con respecto as duracións previstas inicialmente e axustar os costes salariais tras a actualización do salario mínimo interprofesional.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓN:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial tras variar a duración das contratacións con respecto ao previsto inicialmente e axustar os costes salariais tras a actualización do salario mínimo interprofesional, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e permanecendo invariable o importe da subvención conforme á seguinte táboa:



CONCELLO DE TOMIÑO					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	2 peóns de xardinería, 1 técnico/a administrativo/a en xeral, 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,23 meses; 1 peón da construción e 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 peón de xardinería a xornada completa durante 7,61 meses; 8 peóns de xardinería, 1 peón da construción, 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	278.522,36 €	271.933,83 €	12.251,34 €	266.271,02 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 14 de febreiro de 2025, punto núm. 20.33769, no referente á subvención concedida ó Concello de Tomiño, CIF núm. P3605400E, da maneira que segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	19	2 peóns de xardinería, 1 técnico/a administrativo/a en xeral, 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,23 meses; 1 peón da construción e 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 peón de xardinería a xornada completa durante 7,61 meses; 8 peóns de xardinería, 1 peón da construción, 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	266.271,02 €

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: OS0AEII926WLTNL1) e da dilixencia de Intervención (CSV: YZ7GGAEUC2RW8ZAB) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 14 de febreiro de 2025, punto núm. 20.33769, no referente á subvención concedida ó Concello de Tomiño, CIF núm. P3605400E, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Tomiño (P3605400E)	19	2 peóns de xardinería, 1 técnico/a administrativo/a en xeral, 1 traballador/a social a xornada completa durante 8,23 meses; 1 peón da construción e 1 mecánico/a de mantemento e reparación de automoción en xeral oficial de 2ª a xornada completa durante 8 meses; 1 peón de xardinería a xornada completa durante 7,61 meses; 8 peóns de xardinería, 1 peón da construción, 1 instalador/a electricista en xeral oficial de 1ª e 1 soldador/a de estruturas metálicas lixeiras a xornada completa durante 7 meses e 1 enxeñeiro/a técnico/a forestal/biólogo/a a xornada completa durante 6 meses	266.271,02 €



2. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

12.35527.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES.
2025054606, 2025053899 E 2025053848)

a) Vista a relación de operacións con número 2025054606 (CSV: IW9BMUAQ306FMQZ9), que contén 1 operación por un importe de 0,42 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	0,42 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	0,42 €

b) Vista a relación de operacións con número 2025053899 (CSV: GRRP2ZKM7K0S9FL9), que contén 10 operacións por un importe de 33.234,29 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	33.234,29€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	33.234,29€

c) Vista a relación de operacións con número 2025053848 (CSV: GRB0UX3WSLAHDI7F), que contén 1 operación por un importe de 314,60 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	314,60€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	314,60€



13.35528.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (EXPTE.2025053835)

Vista a relación de operacións con número 2025053835 (CSV: GI2GK4M13P80PFY9), que contén 2 operacións por un importe de 5.525,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	5.525,00 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	5.525,00 €

14.35529.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL NÚMERO 2025006210, POLA QUE SE PRESTOU A CONFORMIDADE DO PROXECTO MODIFICADO PARA O INVESTIMENTO “MELLORA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DA ESTRADA” DO CONCELLO DE A ESTRADA, INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS (EXPTE.2024019036)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 2 de abril de 2024, acordou aprobar o expediente para a concesión, dunha subvención ao concello de A Estrada para o investimento incluído no plan extraordinario de infraestruturas deportivas “*Mellora das piscinas municipais da Estrada*”

Con data 18 de xullo de 2025 o concello de A Estrada presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025053362 e WEB2025053453) informe do director de obra, de data 24 de xuño de 2025, e proxecto modificado do investimento arriba indicado é solicita a súa tramitación.

Orixinariamente a competencia para aprobar o proxecto modificado estaba atribuída á Xunta de Goberno, por ser o órgano que, no seu momento autorizou e comprometeu o gasto. Mais a urxencia na tramitación do expediente obrigou a que dita competencia fora asumida pola Presidencia.

Considerando que dita competencia atópase delegada na base de execución do orzamento 16ª.2a), á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos cuxo valor supere o importe de 100.000,00 euros.

Considerando o artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fagan conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.



Con motivo da inmediata apertura das instalación para poder realizar as actividades deportivas ao aire libre xunto coa programación do campus de verán, actividade da que moitas familias fan uso para poder conciliar a vida familiar e laboral, por Resolución Presidencial número 2025006210, de data 22 de xullo de 2025, avocouse puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno e a Presidencia aprobou o proxecto modificado presentado polo concello de A Estrada, cuxo contido literal é o seguinte:

“A Presidencia, no uso das facultades que lle confire a normativa vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN:

Vista a proposta de resolución do xefe do Servizo de Cooperación que é do seguinte teor literal,

<i>Servizo</i>	<i>Cooperación</i>
<i>Expediente</i>	<i>2024019036</i>
<i>Plan</i>	<i>PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS</i>
<i>Interesado</i>	<i>CONCELLO DA ESTRADA</i>
<i>Investimento</i>	<i>MELLORA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DA ESTRADA</i>
<i>Asunto</i>	<i>PRESTAR A CONFORMIDADE AO PROXECTO MODIFICADO</i>

“PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

- *A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria do 15/12/2023, mediante o acordo núm. 2.33272 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 245, do 22/12/2023.*
- *Mediante o acordo núm. 1033574 de 02/04/2024 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedense unha subvención por importe de 119.485,71 € ao Concello de A Estrada, con destino ao financiamento do investimento denominado “Mellora das piscinas municipais da A Estrada”, cun orzamento de 454.013,86 €, dos cales 334.528,15 € financiase con cargo a Plan + Provincia 2024.*
- *Na data 18/07/2025 o Concello de A Estrada presenta unha solicitude (núm. Rexistro WEB2025053453) de modificación do proxecto do citado investimento, no que se aumenta o orzamento inicial sendo o importe modificado de 503.983,69 €, o que supón un aumento orzamentario do 23,80% dos cales 119.485,71 € son subvencionables, 334.582,15 €, achega Plan + Provincia 2024 e 49.969,93 € aportación municipal.*
- *O novo proxecto conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 18/07/2025.*
- *Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 24ª do PEID.*

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

RÉXIME XURÍDICO

- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)*



- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)*
- *Bases de execución do vixente orzamento provincial*
- *Bases reguladoras do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (PEID)*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- *Base reguladora 7ª do PEID, que indica que lle corresponde ó xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.*

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- *Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.*

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- *Base reguladora 24ª do PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.*

RÉXIME COMPETENCIAL

- *En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno. Non obstante, considerando o artigo 10 da lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, que permite aos órganos delegantes avocar para si o coñecemento dun asunto cando determinadas circunstancias fágano conveniente; precisándose que a avocación sexa motivada. Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpóñase contra a resolución do procedemento.*

CONCLUSIÓNS

- *Visto que o concello de A Estrada presentou en prazo e forma a documentación necesaria para prestar a conformidade ao proxecto modificado do investimento denominado “Mellora das piscinas municipais de A Estrada”, ao abeiro do Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.*
- *Visto que o Concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras. Estes cambios limitáanse a axustes en unidades de obra e non alteran a finalidade da subvención, polo tanto non poden considerarse substanciais.*
- *Visto que o proxecto modificado aumenta o orzamento respecto ao proxecto orixinal nun 23,80 %, contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 18/07/2025.*
- *Tendo en conta o exposto, e por motivos de interese público atendendo as datas de uso das instalacións obxecto do investimento, urxe a inmediata execución da obra.*



- *Visto o disposto no artigo 116 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobada polo Real Decreto 2568/1986, e 28 de novembro, e no artigo 10 da lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como do informe favorable da intervención Provincial de data 21/07/2025, elévase á Presidencia a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.*

1. *AVOCAR, puntualmente as competencias delegadas na Xunta de Goberno para a aprobación da modificación do investimento de “MELLORA DAS PISCINAS MUNICIPAIS DA ESTRADA”, por razóns da inmediata posta en funcionamento do investimento subvencionado.*

2. *PRESTAR A CONFORMIDADE ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “Mellora das piscinas municipais da Estrada” presentado polo Concello da Estrada ao abeiro do Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento a prezo de adxudicación de 503.983,79 €.*

3. *DAR TRASLADO da presente resolución ao Concello da Estrada, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.*

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

Vista a precedente proposta de resolución, RESOLVO, de conformidade coa mesma.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Non obstante a Xunta de Goberno resolverá.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, significándolle que, contra este acordo que esgota a vía administrativa, pode interpor:

- *O recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.*

Todo iso, sen prexuízo de que poida exercer calquera outro recurso que estime pertinente.”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade tomar coñecemento do contido da Resolución Presidencial número 2025006210 de data 22 de xullo de 2025 na que se avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno para poder axilizar o trámite de adxudicación ao Concello de A Estrada (P3601700B), do procedemento de modificado de proxecto da subvención “Melloras das piscinas municipais da Estrada”.



15.35530.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DO GASTO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS HOSPITAL POUSADELA PARA O INVESTIMENTO “CARPA DESMONTABLE” INCLuíDO NO PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024(EXPTE.2024014014)

No expediente consta o informe do xefe do servizo de Cooperación de data 30/07/2025 con CSV: 3OKR9BP9MXVPV7B8 e no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación e o informe da intervención de data 28/07/2025 con CSV: MBXZSVMRPYBT7AX5, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da obriga e o ordenamento do pagamento a favor da *Asociación de Veciños Hospital Pousadela*, con CIF G94020450, do importe de 10.000,00 €, ao abeiro da convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024) , contra a aplicación 2025/942.4590.789.07.2024, na que se autorizou e comprometeu o gasto.

16.35531.- ACEPTACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO PR-D5000-2021-000382 “ILUMINACIÓN EXTERIOR SOSTIBLE XV: INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EFICIENTE E INTELIXENTE NOS MUNICIPIOS DA CAÑIZA, CERDEDO-COTOBADA, CUNTIS, DOZÓN, FORNELOS DE MONTES, PONTECESURES, RIBADUMLA, RODEIRO, SILLEDA E TOMIÑO; FINANCIADO NO MARCO DO PROGRAMA DE REXENERACIÓN E RETO DEMOGRÁFICO DO PLAN DE RECUPERACIÓN TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (EXPTE.2021052802)

No expediente consta o informe da Xefatura do Servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“Á vista da resolución favorable da solicitude de modificación das condicións iniciais relativas ao prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumla, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, e co obxecto de aceptar dita resolución do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (en adiante IDAE) con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025015313 e data 31/07/2025, o Xefe do Servizo de Cooperación, emite o seguinte informe:

I. ANTECEDENTES

- *Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou o día 4/08/2021 (BOE núm. 185) o Real Decreto 692/2021, do 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para investimentos a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia destinado a municipios de reto demográfico.*



- En data 06/11/2021 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, asignándosele o rexistro núm. 202100011101. Tras a súa avaliación, o 10 de agosto de 2023, con rexistro de entrada número 2023016753, recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo aos fondos NextGenerationEU por importe de 1.018.824,49 euros, e se lle asigna ao proxecto o número IDAE PR-D5000-2021-000382.
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 25 de agosto de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 8.32922 de aceptación da axuda concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) ao proxecto PR-D500-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” “financiado no marco Europeo de Recuperación Transformación e Resiliencia e a concesión da axuda comprometida pola Deputación ao seu abeiro aos concellos beneficiarios. (Expediente 2021052802).
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 2 de febreiro de 2024, adoptou, entre outros, o acordo número 27.33428 de aceptación da renuncia do Concello de Silleda á subvención concedida polo Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) en base a propia solicitude do concello presentada en data 25/01/2024 e co número de rexistro WEB2024003643.
- Con data 02/06/2025, ao amparo do artigo 17 do Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, a Deputación de Pontevedra, solicita ante o IDAE a ampliación do prazo de execución dos traballos necesarios para a execución das actuacións correspondentes ao proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”. Esta solicitude de ampliación de prazo xustifícase pola dilatación dos prazos para a formalización do contrato do servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382, pola renuncia do Concello de Silleda xa que obriga a realizar un replanteamento nas tarefas previstas, e a repercusión que tivo para a redacción dos proxectos e a definición das actuacións a realizar o incremento dos prezos dos últimos anos.
Ante a demora acumulada debido a estas circunstancias imprevistas, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros solicitouse a ampliación do prazo en tres meses, regulado no Real Decreto 692/2021, sendo deste xeito o 10/11/2025 a data máxima para executar os traballos relativos á execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-000382.
- Finalmente, despois da avaliación da solicitude presentada, en data 31/07/2025 e con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025015313, recíbese Resolución Modificativa do Director Xeral do IDAE na que resolve:
 - Aceptar a ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto do proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, e por tanto, modifica a resolución de data 10/08/2023, pola que se conceden a subvención con cargo ao programa DUS 5000.
 - Establecer como prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto un total de $(24 + 3 = 27)$ vinte e sete meses desde a data de notificación da resolución de concesión e, consecuentemente, a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda, debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.



- *Aceptar a modificación do proxecto, aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación, na que se suprime do alcance do mesmo as actuacións correspondentes ao Concello de Silleda. En este sentido axústanse os parámetros económicos e os indicadores.*

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- *Real Decreto 692/2021, de 3 de agosto, polo que se regula a concesión directa de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (programa DUS 5000), no marco do Programa de Rexeneración e Reto Demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.*
- *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS)*
- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do presuposto da Deputación para o vixente exercicio*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Petición e evacuación de informes:

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*
- *Base 47ª e 48ª de execución do Presuposto provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia de Intervención para realizar esta función.*
- *Artigos 213 e ss. do TRLRHL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.*



- *Artigo 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do Sector Público Local, sobre a fiscalización previa da aprobación ou autorización de gastos e da disposición ou compromiso de gasto da entidade local.*

Resolución do expediente

- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *De conformidade co artigo 24.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a proposta de resolución definitiva, cando resulte procedente de acordo con as bases reguladoras, notificarase aos interesados que fosen propostos como beneficiarios na fase de instrución, para que no prazo previsto en dita normativa comuniquen a súa aceptación.*
- *Artigo 16.4 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra que establece que o acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión da subvención será adoptada polo órgano que a concedeu, previa instrución do correspondente expediente no que, xunto á proposta razoada do órgano instrutor, se acheguen os informes pertinentes e, segundo o caso, a solicitude ou as alegacións da persoa beneficiaria, sen que poida significar dano aos dereitos de terceiros.*

III.- CONCLUSIONES:

En data 02/06/2025, solicítase ao Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) a ampliación do prazo de execución das actuacións do proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño” e comunícase a renuncia do Concello de Silleda á participación neste proxecto.

En data 31/07/2025 (rexistro de entrada número 2025015313) recíbese a Resolución Modificativa do Director Xeral do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), na que resolve:

Aceptar a ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000382 “Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño”, e polo tanto, modifica a resolución de data 10/08/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido que o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 3= 27) vinte e sete meses desde a data de notificación da resolución de concesión e consecuentemente, a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

Aceptar a modificación do proxecto, aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación, na que se suprime do alcance do mesmo as actuacións correspondentes ao Concello de Silleda. En este sentido axústase os parámetros económicos e os indicadores.



Visto que por parte do órgano competente da Deputación é necesario realizar a aceptación expresa da resolución favorable do Director Xeral do IDAE con rexistro de entrada na Deputación de Pontevedra número 2025015313 de data 31/07/2025, procede, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables :

Aceptar a Resolución Modificativa da ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000382 "Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño", e polo tanto, modifica a resolución de data 10/08/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido que o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 3= 27) vinte e sete meses desde a data de notificación da resolución de concesión e, consecuentemente, a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

Aceptar a modificación do proxecto, recollida na resolución do IDAE, na que se suprime do alcance do mesmo as actuacións correspondentes ao Concello de Silleda. En este sentido, axústase os parámetros económicos e os indicadores. Dar conformidade ao novo cadro do orzamento do proxecto recollido na resolución recibida e que contempla unha redución da inversión total e do importe da axuda acorde a renuncia das actuacións do Concello de Silleda.

Municipio	Inversión total admitida (€)	Coste elegible admitido (€)	*Coste subvencionable (€)	Ayuda proposta (€)
Salvaterra de Miño	0,00	0,00	0,00	0,00
Dozón	30.797,89	30.797,89	30.797,89	26.178,20
Fornelos de Montes	97.855,89	97.855,89	97.855,89	83.177,50
Ribadumia	141.870,17	141.870,17	141.870,17	120.589,64
Silleda	0,00	0,00	0,00	0,00
Cerdedo-Cotobade	175.697,48	175.697,48	175.697,48	149.342,85
Vilanova de Arousa	0,00	0,00	0,00	0,00
Tomiño	61.207,17	61.207,17	61.207,17	52.026,09
Meis	0,00	0,00	0,00	0,00
Pontecesures	58.120,04	58.120,04	58.120,04	49.402,03
Rosal, O	0,00	0,00	0,00	0,00
Pazos de Borbén	0,00	0,00	0,00	0,00
Cuntis	124.615,65	124.615,65	124.615,65	105.923,30
Covelo	0,00	0,00	0,00	0,00
Cañiza, A	117.862,03	117.862,03	117.862,03	100.182,72
Rodeiro	263.604,34	263.604,34	263.604,34	224.063,68
Meaño	0,00	0,00	0,00	0,00
Arbo	0,00	0,00	0,00	0,00
Total proxecto	1.071.630,66	1.071.630,66	1.071.630,66	910.886,01



IV. RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que, o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

O xefe do servizo de Cooperación

Marcos Areán González

Asina por delegación: s/ R.P. 2025005838 de 09/07/2025

A xefa de sección do Plan de Cooperación: Patricia Nogueira Beade

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefatura do Servizo de Cooperación de data 1/08/2025, e da Intervención provincial de data 4/08/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aceptar a Resolución Modificativa da ampliación de prazo solicitada para execución das actuacións obxecto da axuda do proxecto PR-D5000-2021-000382 “*Iluminación exterior sostible XV: instalacións de iluminación eficiente e intelixente nos municipios da Cañiza, Cerdedo-Cotobade, Cuntis, Dozón, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Rodeiro, Silleda e Tomiño*”, e polo tanto, modifica a resolución de data 10/08/2023, pola que se concedeu a subvención con cargo ao programa DUS 5000. Quedando establecido que o prazo máximo para a realización dos investimentos subvencionables e execución do proxecto é de (total 24 + 3= 27) vinte e sete meses desde a data de notificación da resolución de concesión e, consecuentemente, a xustificación da realización dos investimentos subvencionables e da execución do proxecto obxecto de axuda debe realizarse ante o Órgano Instrutor con data límite o 30 de novembro de 2025.

Aceptar a modificación do proxecto, recollida na resolución do IDAE, na que se suprime do alcance do mesmo as actuacións correspondentes ao Concello de Silleda. En este sentido, axústase os parámetros económicos e os indicadores.

Dar conformidade ao novo cadro do orzamento do proxecto recollido na resolución recibida e que contempla unha redución da inversión total e do importe da axuda acorde a renuncia das actuacións do Concello de Silleda.



Municipio	Inversión total admitida (€)	Coste elegible admitido (€)	*Coste subvencionable (€)	Ayuda propuesta (€)
Salvaterra de Miño	0,00	0,00	0,00	0,00
Dozón	30.797,89	30.797,89	30.797,89	26.178,20
Fornelos de Montes	97.855,89	97.855,89	97.855,89	83.177,50
Ribadumia	141.870,17	141.870,17	141.870,17	120.589,64
Silleda	0,00	0,00	0,00	0,00
Cerdedo-Cotobade	175.697,48	175.697,48	175.697,48	149.342,85
Vilanova de Arousa	0,00	0,00	0,00	0,00
Tomíño	61.207,17	61.207,17	61.207,17	52.026,09
Meis	0,00	0,00	0,00	0,00
Pontecesures	58.120,04	58.120,04	58.120,04	49.402,03
Rosal, O	0,00	0,00	0,00	0,00
Pazos de Borbén	0,00	0,00	0,00	0,00
Cuntis	124.615,65	124.615,65	124.615,65	105.923,30
Covelo	0,00	0,00	0,00	0,00
Cañiza, A	117.862,03	117.862,03	117.862,03	100.182,72
Rodeiro	263.604,34	263.604,34	263.604,34	224.063,68
Meaño	0,00	0,00	0,00	0,00
Arbo	0,00	0,00	0,00	0,00
Total proyecto	1.071.630,66	1.071.630,66	1.071.630,66	910.886,01

Darlle traslado do presente acordo ao *Instituto de Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE)*, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación cos Municipios e ao Gabinete de Presidencia.

17.35532.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

18.35533.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

19.35534.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Vicepresidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Vicepresidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

